



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO ORDINARIO NÚM. 12 DO 28 DE SETEMBRO DE 2023

Exp. núm.: 2023/G010/000016

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

Da. María Lago Lestón (BNG)

CONCELLEIROS/AS:

D. Severino Figueiras Lestón (BNG)

Da. Laura Eiras Rivadeneira (BNG)

D. Mario Martínez Lago (BNG)

Da. Caridad González Cerviño (PSOE)

D. Damián Torea García (PSOE)

Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

Da. María Inés Monteagudo Romero (PP)

Da. María del Carmen González García (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

Da. María Manuela Leis Cambeiro (PP)

D. Manuel Secundino Lago Álvarez (MC)

SECRETARÍA XERAL

D. José Manuel Mayo Priegue

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, a secretario accidental do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

A. PARTE DISPOSITIVA

PRIMEIRO. Aprobación das actas anteriores núm. 10 do pleno extraordinario do 7 de xullo de 2023 e núm. 11 do pleno extraordinario do 31 de xullo de 2023



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A señora alcaldesa dá paso á aprobación das actas anteriores e que se van votar por separado polo que empezan coa primeira.

A Sra. Monteagudo indica que hai un erro na data da primeira acta, sería do 7 de xullo de 2023.

O Sr. Lago di que da acta do 5 de xullo vaise abster, e que da do 31 de xullo...

A señora alcaldesa indícalle que a votación é por separado.

O Sr. Lago reitera que da acta do 5 de xullo abstense.

A señora alcaldesa di que el formaba parte da do 7 de xullo que foi á sesión de investidura.

O Sr. Lago volve dicir que na acta pon o 5 de xullo e non o 7 de xullo.

A señora alcaldesa sinala que está mal posta a data e que o día foi o 7 de xullo.

A Sra. Monteagudo indica que debería chamarse sesión extraordinaria de constitución, pero é un matiz formal.

A señora alcaldesa sinala que mirarán se procede corrixilo.

A señora alcaldesa, Da. María Lago Lestón, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación máis respecto da acta número 10 do pleno extraordinario do 7 de xullo de 2023 apróbese por unanimidade cos votos a favor do grupo municipal popular (5), do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (3) e do grupo mixto Muros Centrado (1).

A señora alcaldesa pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación sobre a acta número 11 de pleno extraordinario de 31 de xullo de 2023.

A Sra. Monteagudo manifesta que non están de acordo co manifestado pola alcaldesa no punto sexto no que a alcaldesa fai pasar un erro na proposta por un fallo na transcripción e sinala que para eles non é tal, que é un cambio substancial do acordo e que debería corrixirse no pleno.

A señora alcaldesa sinala que a acta recolle o que se di no pleno e as correccións que se fixeron nese pleno.

A Sra. Monteagudo manifesta o desacordo con esa corrección.

A Sr. Lago di que hai unha inconcreción bastante manifesta no primeiro punto onde se refire á dación de conta de creación dos grupos municipais, concretamente da dación de conta de constitución grupos políticos municipais e nomeamento de portavoces, e sinala que a señora alcaldesa dou relación ao pleno dos escritos remitidos polos grupos con representación na corporación e todos eles cumpriron o prazo de cinco días obrigatorio e no caso concreto do escrito presentado por Da. Caridade González Cerviño, o 11 de xullo de 2023, non cumpriu os requisitos, pois son os concelleiros e as concelleiras de cada grupo os que se dirixen e manifestan a súa vontade de constituírse en grupo político e maniféstano coa súa sinatura, dicindo quen vai ser o persoa portavoz. Sinala que entende que a Alcaldía e a secretaria o tiñan que coñecer, e que iso foi o que el recibiu e que a el é indiferente quen sexa o voceiro/a, pero o importante é que se cumpran os requisitos, que comprende que puido ser un erro mais puido ser reparado xa dende o momento que presentou o seu recurso de reposición.

A señora alcaldesa indica que o escrito que presentou non se presentou en pleno, entón non ten que aparecer na acta, senón só ten que aparecer os puntos que se trataron no pleno, e nesa sesión constatouse a existencia dun erro que houbo que corrixir no escrito do grupo socialista, e que o Sr. Lago presentou un escrito posterior. Sinala que a acta ten que recoller o que se tratou no pleno.

O Sr. Lago quere que conste en acta que puido haber un erro que pode ser reparable e que o importante é que a acta non é modificable e que quere que quede por escrito o que tiña que sinalar sobre este tema.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A Sra. González intervén por alusións e sinala que está de acordo co que dixo a señora alcaldesa e que efectivamente non é motivo deste punto e que a señora secretaria requiriu ao grupo socialista para modificaran o escrito e que o asinaran todos os concelleiros e non foi remitido ao Sr. Lago.

A señora alcaldesa pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación máis respecto da acta número 11 de pleno extraordinario de 31 de xullo de 2023, e sen máis intervencións, apróbase por maioría absoluta cos votos a favor do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (3) e do grupo mixto Muros Centrado (1); e cos votos en contra do grupo municipal popular (5) a acta número 11 de pleno extraordinario de 31 de xullo de 2023.

SEGUNDO. Aprobación da Conta Xeral do 2022 (Exp. núm.: 435/2023)

A señora alcaldesa sinala que a proposta vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa e di que xa fora elaborada pola corporación anterior e que están encima do prazo para a súa aprobación. Xa estivo exposta e non se presentou ningunha alegación e o seguinte paso sería a aprobación definitiva.

A proposta é como segue:

“PRIMEIRO. Aprobar e, por conseguinte, ditaminar favorablemente a Conta xeral do exercicio 2022, así como os seus anexos e xustificantes cuxas magnitudes e resultados agregados a 31 de decembro son os seguintes:

<i>Expresión</i>	<i>Importe €</i>
<i>Activo</i>	<i>15.626.631,04 €</i>
<i>Pasivo</i>	<i>15.626.631,04 €</i>
<i>Resultado Orzamentario axustado</i>	<i>315.547,22 €</i>
<i>Remanente de Tesourería Total</i>	<i>1.084.054,39 €</i>
<i>SalDOS de dubidoso cobro</i>	<i>173.166,71 €</i>
<i>Remanente de Tesourería (Exceso de financiación afectada)</i>	<i>280.996,34 €</i>
<i>Remanente de Tesourería para Gastos Xerais</i>	<i>629.891,34 €</i>
<i>Aforro bruto</i>	<i>1.198.440,06 €</i>
<i>Aforro neto</i>	<i>1.124.805,80 €</i>

SEGUNDO. Render a conta xeral aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia.”

O Sr. Lago di que ten unha pequena reflexión sobre como fan os gastos e que teñen que ser con sentidoño e que hai que facelos da mellor maneira posible.

A Sra. Monteagudo sinala que a conta está informada polo señor interventor que é o responsable de fiscalizar o gasto e que só sería cumprir un formalismo legal.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (5), do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (3); e coa abstención de Muros Centrado (1) adopta por maioría absoluta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar e, por conseguinte, ditaminar favorablemente a Conta xeral do exercicio 2022, así como os seus anexos e xustificantes cuxas magnitudes e resultados agregados a 31 de decembro son os seguintes:

<i>Expresión</i>	<i>Importe €</i>
<i>Activo</i>	<i>15.626.631,04 €</i>
<i>Pasivo</i>	<i>15.626.631,04 €</i>
<i>Resultado Orzamentario axustado</i>	<i>315.547,22 €</i>
<i>Remanente de Tesourería Total</i>	<i>1.084.054,39 €</i>
<i>SalDOS de dubidoso cobro</i>	<i>173.166,71 €</i>
<i>Remanente de Tesourería (Exceso de financiación afectada)</i>	<i>280.996,34 €</i>



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Expresión	Importe €
Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	629.891,34 €
Aforro bruto	1.198.440,06 €
Aforro neto	1.124.805,80 €

SEGUNDO. Render a conta xeral aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia.

TERCEIRO. Fixación dos festivos locais no concello de Muros para o ano 2024 (Exp. núm.: 2023/U029/00034)

A señora alcaldesa afirma que a proposta vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa e que propoñen o luns 24 de xuño por ser festividade en todas as parroquias e o martes 16 de xullo de 2024 polo importante arraigo que ten neste concello o Carne.

A proposta é do seguinte literal:

“PRIMEIRO. Que o Pleno do Concello de Muros sen quórum especial fixe como días de festivos locais 2024 de carácter retributivo e non recuperable no concello de Muros o luns, 24 de xuño de 2024, (San Xoán) e o martes 16 de xullo de 2024 (Carne).

SEGUNDO. Dar traslado do acordo á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia aos efectos de fixar calendario laboral 2024.

TERCEIRO. Facultar á alcaldesa do Concello de Muros para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

A Sra. Monteagudo di que fixan un luns e un martes coma festivos e que tradicionalmente son festivos San Pedro e o Carne, mais este ano San Pedro cae en sábado, polo que supoñen que non o teñen en conta para propoñelo e sinala que no ano anterior a señora alcaldesa dicía que o festivo tiña que ser o San Xoán aínda que coincidira en sábado, posto que moita xente tamén traballaba o sábado, e di que naquel momento os festivos de luns a venres gozábanos todas as persoas, e vólveno a repetir, e como son coherentes parécelles ben a proposta.

A Sra. González di que están totalmente de acordo.

O Sr. Lago indica que había un prazo moi determinado para enviar á Consellería o acordado no pleno e que no caso de non comunicalos a Consellería consideraría os festivos do ano anterior.

A señora alcaldesa indícalle que o prazo acaba no día seguinte. E tamén sinala que o argumentación da festividade por San Xoán foi o mesmo nos 8 anos de oposición e que a festividade de San Pedro non se celebra en todas as parroquias e cren que hai moito máis arraigo pola festividade do Carne.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (5), do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (3) e do grupo mixto Muros Centrado (1), adopta por unanimidade o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Que o Pleno do Concello de Muros sen quórum especial fixe como días de festivos locais 2024 de carácter retributivo e non recuperable no concello de Muros o luns, 24 de xuño de 2024, (San Xoán) e o martes 16 de xullo de 2024 (O Carne).

SEGUNDO. Dar traslado do acordo á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia aos efectos de fixar calendario laboral 2024.

TERCEIRO. Facultar á alcaldesa do Concello de Muros para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.



CUARTO. Incorporación ao inventario de bens municipal do Concello de Muros da obra do acondicionamento do entorno do lavadoiro do Chalón, Muros (Exp. núm.: 770/2020)

A señora alcaldesa sinala que a proposta vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa que é do seguinte literal:

“ANTECEDENTES

A vista do Convenio de colaboración interadministrativa asinado o 13 de xullo de 2022 entre a Deputación da Coruña e o Concello de Muros polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a execución do proxecto “Acondicionamento do entorno do lavadoiro do Chalón, Muros” (número 56/2022), elaborado pola enxeñeira de camiños, canles e portos, Rebeca Ferreiro Núñez de data 29 de xaneiro de 2021, e aprobado polo pleno da corporación na súa sesión ordinaria do 25 de novembro de 2021, cun orzamento de execución de 15.000,00 €, IVE incluído. A vista da cláusula VI do citado convenio onde establece que para a xustificación da axuda recibida é preciso certificar a incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

Vista acta de recepción da citada obra do 23 de xuño de 2023.

Esta Alcaldía eleva ao Pleno da corporación e ao estudo previo por parte da comisión informativa a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Proceder á incorporación das obras realizadas no proxecto acondicionamento do entorno do lavadoiro do Chalón, Muros elaborado pola enxeñeira de camiños, canles e portos, Rebeca Ferreiro Núñez do 29 de xaneiro de 2021, e aprobado polo pleno da corporación na súa sesión ordinaria do 25 de novembro de 2021, cun orzamento de execución de 15.000,00 € IVE incluído, ao inventario de bens do Concello de Muros, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

SEGUNDO. Facultar á alcaldesa para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

A Sra. Monteagudo di que é cumprir cun requisito do convenio e que non teñen máis que comentar.

A Sra. González opina o mesmo ca a Sra. Monteagudo.

O Sr. Lago pregunta polo entorno do lavadoiro.

A señora alcaldesa di que é simplemente o nome do proxecto.

O Sr. Lago sinala que o redactor do proxecto debería preguntarlle a el para saber como se chama cada sitio de Muros.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (3), do grupo municipal popular (5) e do grupo mixto Muros Centrado (1), adopta por unanimidade o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Proceder á incorporación das obras realizadas no proxecto acondicionamento do entorno do lavadoiro do Chalón, Muros elaborado pola enxeñeira de camiños, canles e portos, Rebeca Ferreiro Núñez do 29 de xaneiro de 2021, e aprobado polo pleno da corporación na súa sesión ordinaria do 25 de novembro de 2021, cun orzamento de execución de 15.000,00 € IVE incluído, ao inventario de bens do Concello de Muros, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

SEGUNDO. Facultar á alcaldesa para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.



QUINTO. Aprobación da solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal “POS+ ADICIONAL 2/2023” (Exp. núm.: 918/2022)

A señora alcaldesa procede a ler a proposta e a Sra. Monteagudo sinala que traen una emenda na que piden que se destine parte do importe de axuda pendente de solicitar do POS adicional 2023 a execución de proxecto de acondicionamento das rúas na Ribeira do Maio, un proxecto que está redactado e que está feito no concello por importe de 92.500 €, destinando a gasto corrente, e a cantidade restante sería de 34.428,23 €. Sinala que é un proxecto que está listo e que dá solución a un grave problema de filtracións nun edificio na Ribeira do Maio que lle está causando un prexuízo grave a toda a veciñanza desa zona e cren que se pode dar solución.

A Sra. González di que si é certo que é necesaria e non din que non que exista un proxecto feito pero non é a única obra necesaria no concello e que no anterior POS deixáronse moitas obras fóra, e unha era esta, que si é importante, mais neste momento son eles quen deciden onde investir o gasto corrente.

A señora alcaldesa indica que quere secundar as palabras da portavoz partido socialista e non negan que sexa unha obra necesaria, indica que están detectando deficiencias en varios proxectos que levou a cabo o goberno anterior, cren que motivadas por non revisalos e que se topan con graves problemas e con agravios comparativos entre a veciñanza. Sinala que concretamente este proxecto non lles dou tempo a revisalo e di que para poder metelo no POS deberían ter os informes correspondentes, e remata dicindo que coma o BNG van a votar en contra da emenda.

A Sra. Monteagudo di que hai moitos proxectos que hai que facer e di que o partido socialista non votou en contra do último POS senón que en contra da obra do Acoradoiro, e insiste en que a obra é urxente que pode supor responsabilidades para o concello e que xa se irá dando conta que a execución das obras teñen as súas dificultades e a calidade dos proxectos era boa, mais cando se levantan os pavimentos non sempre encontra o que se esperaban. Sinala que están contentos coas obras que fixeron e que é unha pena que queiran destinar todo este diñeiro a gasto corrente, con todas as necesidades que hai e insisten en que este problema pode supor responsabilidades patrimoniais.

A Sra. González afirma que van ter en conta a obra e todas as que sexan necesarias e si son conscientes das responsabilidades patrimoniais, e sinala que dixo que votou en contra da última obra porque non foi consensuada, e neste momento, é o novo goberno o que ten que decidir en que obras se vai a investir, polo que o partido socialista vai a votar en contra.

A señora alcaldesa sinala que os problemas pódense ver nas obras *in situ* unha vez que se comezan, pero ata onde chega unha obra pódese ver antes de comezala, como por exemplo a obra que se está executando en Tal que chega especificamente ata a porta dun veciño e deixa sen servizo as outras vivendas e tense en conta só tres metros e medio cando poden pasar dous vehículos ao par e non saben cal é o motivo polo que chega a unha determinada porta. Saben que a obra remata na parte que chega a praia e que é a que está en peor estado.

A Sra. Monteagudo di que remata na zona que está afectada por Costas e que o redactor do proxecto redactouno segundo o presuposto que había e sinala que é un tema que a actual alcaldesa se vai atopar en moitas ocasións, non hai ningún capricho, e esas suxestións que está a facer non teñen razón de ser.

A señora alcaldesa di que a afectación de Costas remata na porta do outro veciño e dá paso á votación da emenda do Partido Popular.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (5); cos votos en contra do grupo municipal do BNG (4) e do grupo municipal socialista (3) e coa abstención do grupo mixto Muros Centrado (1), rexeitada a emenda.

A señora alcaldesa sinala que a proposta vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa que é do seguinte literal:



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

“1. Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2023” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A. Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	126.928,23 €

B. Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Investimentos financeiramente sostibles NOM incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
TOTAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023 e que se relacionan nesta táboa.

C. Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2023 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible	Total concello	
Gastos correntes do 2023 distintos dos solicitados no Plan Base	126.928,23 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	126.928,23€
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

TOTAL	126.928,23 €	0,00 €	0,00 €	126.928,23 €	126.928,23 €
-------	--------------	--------	--------	--------------	--------------

2. Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3. Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.

4. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6. Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

A Sra. Monteagudo sinala que non teñen nada que dicir, só insistir que este é un plan de obras e servizos.

A Sra. González di que coa proposta do grupo de goberno o que queren é aplicar as normas do POS na que poden dedicalo a gasto corrente e non entende a sorpresa do Partido Popular cando antes eles aprobaron gasto corrente e di que necesitan dotar economicamente os departamentos para atender as necesidades da veciñanza.

O Sr. Lago di que todas a obras son moi necesarias, beirarrúas, camiños, sumidoiros... O problema é fixar as prioridades e sinala que de cara ao POS 2024 vai facer unha proposta de obras.

A señora alcaldesa indica que están dispostos a escoitar calquera proposta que se faga e teranse en conta independentemente de onde veñan, pero a orde e a prioridade tócalle decidila ao equipo de goberno.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (3), e cos votos en contra do grupo municipal popular (5) e do grupo mixto Muros Centrado (1), adopta por maioría absoluta o seguinte acordo:

1. Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2023” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A. Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	126.928,23 €

B. Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:

Investimentos financeiramente sostibles SI	Financiamento dos investimentos
--	---------------------------------

**CONCELLO DE MUROS**Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
TOTAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023 e que se relacionan nesta táboa.

C. Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2023 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible	Total concello	
Gastos correntes do 2023 distintos dos solicitados no Plan Base	126.928,23 €				126.928,23€
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	126.928,23 €	0,00 €	0,00 €	126.928,23 €	126.928,23 €

2. Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3. Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.



4. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6. Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesouraría da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

SEXTO. Aprobación de modificación orzamentaria (Exp. núm.: 25/2023)

A señora alcaldesa dá paso a concelleira de Facenda, a Sra. González, para que defenda a proposta.

A Sra. González sinala que traen unha modificación de crédito necesaria para chegar a final de ano posto que as partidas estaban esgotadas e un dos motivos máis importantes para traelo nos primeiros meses de goberno foi que hai bastantes intervencións onde non existía partida orzamentaria e di que teñen que cumprir coa xente coa que teñen débeda, xa que as cousas están executadas e hai que pagalas, e está informada favorablemente pola Secretaría e a Intervención e a dedicación vén no último cadro e que é do seguinte literal:

“En relación co expediente relativo á aprobación da modificación de modificación de créditos na modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Ante a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que se dispón de remanente líquido de Tesouraría segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, pola Alcaldía propúxose a concesión dun suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría.

SEGUNDO. Con data 15 de setembro de 2023, emitiuse Memoria da alcaldesa na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

TERCEIRO. Con data 12 de setembro de 2023, emitiuse informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

CUARTO. Con data 18 de setembro, emitiuse informe de Intervención polo que se informou favorablemente a proposta de Alcaldía e, con data 18 de setembro de 2023, elaborouse Informe de Intervención sobre o cálculo a Estabilidade Orzamentaria.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

- *Os artigos 169, 170, 172 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.*



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

- Os artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VIN, da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- O artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- O artigo 16.2 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.
- O Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).
- O artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.
- A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- O artigo 28.j) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- O artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Base 13ª das Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2021 prorrogado.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación inicial polo Pleno, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

INFORME-PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, como segue a continuación:

Suplemento en aplicacións de gastos:

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Suplemento crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
136	13100	Laboral Temporal	409.045,19 €	25.000,00 €	434.045,19 €
150	13000	Retribucións básicas	32.696,08 €	25.000,00 €	57.696,08 €
1532	21000	Acceso a núcleos de poboación (infraes.)	8.000,00 €	150.000,00 €	158.000,00 €

**CONCELLO DE MUROS**

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Suplemento crédito	Créditos finais
160	22501	Tributos CC.AA.	0,00 €	57.781,44 €	57.781,44 €
231	13000	Asistencia social primaria. retribuc. bás.	151.080,87 €	50.000,00 €	201.080,87 €
231	22799	Asistencia Social (otr.trab.empre.)	53.475,16 €	20.000,00 €	73.475,16 €
311	48000	A Fam. E Inst. Sin fines luc.	0,00 €	11.000,00 €	11.000,00 €
338	22799	Outros traballos realiz. por empresas e profes.	7.130,00 €	100.000,00 €	107.130,00 €
341	48000	Promoción e fomento do deporte	0,00 €	21.000,00 €	21.000,00 €
342	13000	Retribucións básicas	0,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €
450	22103	Adm. X. Infraes. combustibles e carburantes	15.000,00 €	20.000,00 €	35.000,00 €
920	22604	Admon. Xeral. Xurídicos, contenciosos	15.000,00 €	14.285,72 €	29.285,72 €
912	10000	Órganos de goberno	84.756,00 €	35.000,00 €	119.756,00 €
920	22100	Sumidoiro	104.691,20 €	15.000,00 €	119.691,20 €
TOTAL			880.874,50€	564.067,16 €	1.444.941,66 €

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente de Tesouraría do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Suplementos en concepto de ingresos:

Aplicación económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
		87000	Remanente de Tesourería para gastos xerais	564.067,16 €
			TOTAL INGRESOS	564.067,16 €

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica].

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, entendéndose desestimadas de non notificarse a súa resolución ao recorrente dentro do devandito prazo

Se o Ditame que a Comisión eleve ao Pleno coincide coa anterior proposta, o que subscribe informa, en cumprimento do artigo 54 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que o devandito Ditame se adecuará á Lexislación aplicable.”

A señora alcaldesa dá paso ás primeiras intervencións.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A Sra. Monteagudo comenta que o que se aprobou na comisión foi o informe proposta de Secretaría, pois non había proposta de Alcaldía, e sinala que é unha cuestión formal para que o teñan en conta. Di que na memoria de Alcaldía encontra unha discrepancia entre a xustificación e a descrición dos gastos nas que figuran dúas aplicacións económicas e na xustificación só se fai referencia a unha.

A señora alcaldesa sinala que tivo que ser un erro á hora de pasar o cadro.

A Sra. Monteagudo insiste, posto que hai un suplemento de crédito para acceso a núcleos, en que valoren a posibilidade de facer a obra da Ribeira do Maio que presentaron como emenda.

O Sr. Lago di que lle chama a atención a partida órganos de goberno, e con respecto ao o informe de Intervención presentado ao pleno do 31 de xullo sobre os salarios das e dos concelleiros con dedicación exclusiva ou dedicación parcial di que hai datos que coinciden, mais encontra unha diferenza, polo que entende que podería estar mellor explicado, e quere que lle confirme que non están os números que el fixo equivocados. Sinala que polo tanto pode ser que a aplicación da partida estea errada.

A señora alcaldesa di que vai comezar respondendo ao Partido Popular e que en canto á obra que pide en Esteiro terase en conta e revisarse, e se consideran que ten prioridade ante outras, levarase a cabo. E en resposta ao concelleiro de Muros Centrado, que eses cartos son os que fan falta para rematar o ano e que non pode dicir neste momento referente aos cálculos e que no concello hai técnicos que saben facer os cálculos.

A Sra. Monteagudo afirma que hai un sobrefinanciamento.

A Sra. González sinala que efectivamente necesitan facer unha achega importante e que non teñen de abondo para chegar as todas ás necesidades.

As señora alcaldesa indica que hai uns cartos do remanente de Tesouraría que hai que incorporar neste momento.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (4) e do grupo municipal socialista (3), e coa abstención do grupo municipal popular (5) e do grupo mixto Muros Centrado (1), adopta por maioría absoluta o seguinte acordo:

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, como segue a continuación:

Suplemento en aplicacións de gastos:

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Suplemento crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
136	13100	Laboral Temporal	409.045,19 €	25.000,00 €	434.045,19 €
150	13000	Retribucións básicas	32.696,08 €	25.000,00 €	57.696,08 €
1532	21000	Acceso a núcleos de poboación (infraes.)	8.000,00 €	150.000,00 €	158.000,00 €
160	22501	Tributos CC.AA.	0,00 €	57.781,44 €	57.781,44 €
231	13000	Asistencia social primaria. retribuc. bás.	151.080,87 €	50.000,00 €	201.080,87 €
231	22799	Asistencia social (otr.trab.empre.)	53.475,16 €	20.000,00 €	73.475,16 €
311	48000	A fam. e inst. sin fines luc.	0,00 €	11.000,00 €	11.000,00 €
338	22799	Outros traballos realiz. por empresas e profes.	7.130,00 €	100.000,00 €	107.130,00 €



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Suplemento crédito	Créditos finais
341	48000	Promoción e fomento do deporte	0,00 €	21.000,00 €	21.000,00 €
342	13000	Retribucións básicas	0,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €
450	22103	Adm. X. Infraes. combustibles e carburantes	15.000,00 €	20.000,00 €	35.000,00 €
920	22604	Admon. Xeral. Xurídicos, contenciosos	15.000,00 €	14.285,72 €	29.285,72 €
912	10000	Órganos de goberno	84.756,00 €	35.000,00 €	119.756,00 €
920	22100	Sumidoiro	104.691,20 €	15.000,00 €	119.691,20 €
TOTAL			880.874,50€	564.067,16 €	1.444.941,66 €

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente de Tesouraría do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Suplementos en concepto de ingresos:

Aplicación económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
		87000	Remanente de Tesourería para gastos xerais	564.067,16 €
			TOTAL INGRESOS	564.067,16 €

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

- O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.
- A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica].

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, entendéndose desestimadas de non notificarse a súa resolución ao recorrente dentro do devandito prazo.

SÉTIMO. Mocións:

- Moción presentada por Muros Centrado de instar a sociedade estatal Correos e Telégrafos S.A. para que regularize a recollida de cartas certificadas e paquetería (Exp. núm.: 2023/X998/000032)**

A señora alcaldesa sinala que a proposta vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa e dá paso á intervención do Sr. Lago que realiza a defensa da moción que se transcribe deseguido:

“(…)

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS E ACORDO:



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

O servizo de correos é un dos servizos esenciais, cos que debe contar a nosa veciñanza. Servizo público e non gratuíto, pero aínda así, necesario e imprescindible, pero dende fai meses, este servizo veuse reducido nas parroquias de Esteiro, Tal, Abelleira, Torea, Serres e Louro, que se viron privadas das "oficinas compartidas" nestas parroquias, onde de ordinario se facían entregas de soportes postais para o seu certificado, e tamén entregas de paquetería. Privada a veciñanza deste servizo directo nas súas parroquias, agora vense obrigados a desprazarse á oficina postal de Muros, para facer o que antes facían sen necesidade de desprazarse ao que moitas persoas chaman a "Vila", supoñendo para os máis, ter que facer quilómetros de percorrido, aínda tratándose de persoas maiores, das que moitas, difícil teñen a súa mobilidade persoal, aínda máis: a oficina postal de Muros, carece de espazos de aparcamento de abondo. Estes andares dos servizos postais, non nos poden deixar a velas vir. Faise necesario que polo noso Concello, se inste a Sociedade Estatal de Correos, a reparar/reinstaurar uns servizos mínimos, de xeito que a veciñanza afectada non sufra as carencias do servizo. E así, como Correos pode diariamente pasar a recoller, indo co seu furgón ata a porta dos seus clientes/autónomos que venden por Internet, a recoller paquetería... (e falo do que vexo todos os días na rúa ancha de Muros), do mesmo xeito... que desprace ese ou outro vehículo, ata as parroquias afectadas en días e horas determinadas en lugares a determinar, para que recolla certificados e paquetería.

Polo exposto, solicito do pleno da Corporación, que cumpridos os trámites do "Pleno de Organización", e acordada a creación/constitución das Comisións Informativas, debata e acorde (se procede) no primeiro pleno que se celebre, solicitar da "Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A", que repoña a recollida de certificados e paquetería nas parroquias de Esteiro, Tal, Abelleira, Torea, Serres e Louro, habilitando vehículo que se desprace ata as parroquias afectadas en días e horas determinadas, e, en lugares a determinar, para que recolla certificados e paquetería, e a veciñanza poda facer uso directo deste servizo esencial."

A Sra. Monteagudo di que non sabe que criterio seguiu a señora alcaldesa para traer unhas mocións e outras non ao pleno e sinala que de pedir piden que se recolla a domicilio e que o delegado de goberno no 2021 e o presidente de Correos declararon que ían ofrecer servizo no rural que se ían financiar co Plan de resiliencia e transformación. O que publicita Correos é a recollida a domicilio e senón é así, parécelles ben que se lle preste servizo á veciñanza das parroquias.

A Sra. González indica que tamén que están de acordo con achegar os servizo á veciñanza e quere manifestar que cando gobernaron fixeron varias reunións cos responsables de Correos e di que están moi de acordo en que se teñen que prestar en todas as parroquias.

A señora alcaldesa pide que se inclúa Sestaio e se acepta esta inclusión votarán a favor.

O Sr. Lago pide que se inclúa na moción que instalen *buzóns* nas parroquias e un furgón para facer a recollida de paquetería nas parroquias e que é moi importante facer un seguimento da moción e que queren que este servizo chegue a todas as persoas e sobre toda ás persoas maiores.

A señora alcaldesa dille que pode presentalo como emenda se de boa fe todos os grupos están a favor, máis o Sr. Lago afirma que non pode presentala por escrito antes de iniciar o debate e que el quere que se cumpra a lei.

A señora alcaldesa indica que se vai votar a moción igual a como se presentou, sen incluír ningún punto.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (5), do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (3) e do grupo mixto Muros Centrado (1), adopta por unanimidade o seguinte acordo:

ÚNICO. Solicitar da "Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A" que repoña a recollida de certificados e paquetería nas parroquias de Esteiro, Tal, Abelleira, Torea, Serres, Louro e Sestaio, habilitando vehículo que se desprace ata as parroquias afectadas en días e horas determinadas, e, en lugares a determinar, para que recolla certificados e paquetería, e a veciñanza poda facer uso directo deste servizo esencial.

b) Moción presentada por Muros Centrado sobre o Cine París (Exp. núm.: 2023/X998/000032)



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Intervén a alcaldesa explicando que decidiron traela ao pleno para que o Sr. Lago puidese facer a súa defensa e que na comisión informativa déronse tres abstencións na votación. Dá paso ao concelleiro, o Sr. Lago, que explique a seguinte moción:

“(…)

MOCIÓN:

PRIMEIRO. Como ben se sabe, as actuais oficinas do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Muros, está situadas dende fai anos, no segundo andar do edificio da Casa Consistorial de Muros. E como tamén é coñecido de Corporación e veciñanza, estas dependencias non reúnen condicións de xeito útil, para o desenvolvemento das funcións que lle son propias a calquera Xulgado: habitáculos/oficinas diminutas que incumpren as máis das normas de hábitat, carencia de espazo para arquivos, (o pouco que hai está sendo compartido co Concello, o que non é nada admisible), carencia de espazos para os profesionais, falta de dependencia para depósito de detidos, xunto a uns corredores tan escasos no seu ancho, que máis de tres persoas neles son unha multitude... E todo isto suma, unhas condicións de traballo para o persoal propio do xulgado e para o resto dos profesionais que alí acoden a prestar os seus servizos, e veciños que alí van, de total e absoluto impedimento de estar nunhas "dependencias saudables", tanto na parte que corresponde aos espazos críticos, como a medidas de seguridade, nas que estas dependencias quedaron obsoletas e fóra de tempo.

SEGUNDO. Visto o que hai, non estaría de mais que o noso Concello faga por poñer á disposición da Administración responsable (a Xunta de Galicia), dun edificio no que poder albergar en condicións válidas de "uso, estar e estancia", ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Muros; unhas novas instalacións acordadas cos tempos que corren e que veñan, isto é: adaptadas as novas normativas para este tipo de servizo público.

Polo exposto, proponho ao Pleno do Concello de Muros, que acorde si procede,

a) A cesión de uso, por tempo determinado, e a título gratuito, da edificación propiedade do Concello coñecida por Edificio Cine París, que situado na avenida Castela de Muros, cumpriría, en localización, espazos e usos, para albergar as oficinas do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Muros.

b) Que se negocie da mellor forma posible, tempo de ocupación, ao mesmo que, de aceptarse pola Xunta de Galicia a cesión de este edificio, en elaboración de proxecto de obra se teña en conta a necesidade de que estas dependencias contén con espazo para oficinas da Garda Civil e Oficinas da Policía Local de Muros, xunto co espazo necesario para "deposito de detidos", e isto conforme a competencia municipal, recollida na Disposición final Quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases del réxime local:

Disposición final quinta. "A partir da entrada en vigor desta Lei, os Municipios cabeza de partido xudicial en que non exista establecemento penal algún asumirán, en réxime de competencia delegada, a execución do servizo de depósito de detidos a disposición xudicial, correspondendo a custodia de devanditos detidos á Policía Municipal en funcións de Policía Xudicial. A Administración competente en materia penal porá a disposición dos Municipios a que se refire o parágrafo anterior os medios económicos suficientes para o mantemento do referido servizo nos termos previstos pola lexislación sectorial correspondente.

Sen máis andares, rogo se tramite a presente moción, se lle dea curso, e que polo pleno da Corporación Municipal de Muros, se aprobe, se procede."

A Sra. Monteagudo di que lles parece moi ben a moción posto que xa estiveran traballando nesta posibilidade e sinala que esta debería ter un informe de Secretaría xa que descoñecen a procedencia do ben pero entenden que se podería solucionar.

A Sra. González sinala que é unha opción das moitas que hai, e que efectivamente o Xulgado de Muros é o único que non ten edificio propio, mais non están de acordo con que sexa o Cine París, por varias razóns, unha dela é que fixeron un convenio urbanístico cun particular que lles cedía un terreo para facer un edificio para o Xulgado e sinala que había unha dotación presupostaria e un proxecto aprobado durante o bipartito,



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

mais cando chegou o señor Feijóo á Xunta de Galicia acabouse o proxecto e agora que falen do Cine París parécelles un chiste, e di que non cumpre as necesidades, pois pode ser que dean os metros de habitabilidade, mais, non ten aparcamento. Tamén di que o señor concelleiro afirma que era importante traer a Garda Civil, e opina que teñen un edificio que é un luxo que está na parroquia de Serres, como está a piscina, como está o centro médico. Tamén cre que non hai que aglutinar todos os servizos no casco posto que hai máis parroquias, e que cando se adquiriu o cine este tiña unha reserva de uso, que cre que non se cambiou, dedicada á cultura, co cal hai que desafectar o edificio. E remata afirmando que sería moi bonito ver pasar pola Pista persoas detidas, e que o sitio idóneo é que xa se adquira para poñelo.

A señora alcaldesa sinala que houbo reunións co director xeral de Xustiza de facer o xulgado no Cine París e esa proposta foi rexeitada polo grupo de goberno e ofrecéuselle a parcela que está na rúa do Cabo porque cren que é máis axeitada e porque teñen proxectos de rehabilitación para o Cine París e de uso totalmente municipal. Consideran que o xulgado ten que ter un edificio propio cunhas condicións dignas para o seu persoal.

O Sr. Lago di que entende que o PSOE non estea de acordo coa proposta pero que un chiste non é, que a Sra. González non é técnica para saber as necesidades do Xulgado e que tampouco dixo de traer a Garda Civil para Muros, só de crear unha oficina para eles e para a policía local. Que está dedicado á cultura, di que o explicou, que se pode solucionar e que podería ir perfectamente alí, pero que iso non o decide o Concello, senón que deciden os técnicos.

A Sra. Monteagudo afirma que a Sra. González é perfectamente consciente da problemática urbanística que presenta esa parcela e que consideran o cine a instalación perfecta para o xulgado e que o investimento no edificio vai minguar outros posibles investimentos que se poidan facer dende o concello. Con respecto da preocupación da veciñanza pola falta de estacionamento ou a visibilidade de persoas esposadas di que non van a entrar neses argumentos, xa que consideran que son infundados e carecen de fundamento.

A Sra. González di que quere comezar lembrando que debemos ter coidado coas palabras que usamos. Non todas as persoas que chegan esposados son necesariamente delinquentes. Di que lle dá moita pena e que efectivamente non ten coñecementos técnicos de obras e o que hai un proxecto para facer un xulgado. O concelleiro dixo que tiña que vir a garda civil para o xulgado e indica que lle parece unha atrocidade poñer o xulgado no cine cando en Muros xa hai un sitio. E con respecto aos defectos do terreo non ve cales son eses. E con que non o vai decidir o grupo de goberno, di que todas as obras teñen que pasar polo concello. E que xa o confirmou a señora alcaldesa, o director xeral de Xustiza xa estivo no concello consensuando a situación do xulgado.

A señora alcaldesa confirma que a parcela da rúa do Cabo foi a que se ofreceu e que serán os técnicos quen indiquen se cumpre as condicións ou non, e que o equipo de goberno ten outros proxectos para o cine.

A Sr. Lago, referíndose á Sra. González, que non se lle ocorra pór na súa palabra cousas que non dixo e todo o *chascarrillo* non procede facelo na sesión plenaria.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (5) e do grupo mixto Muros Centrado (1), cos votos en contra do grupo municipal do BNG (4) e do grupo municipal socialista (3) queda rexeitada a moción.

D. MOCIÓN DE URXENCIA

O Sr. Lago di que quere presentar as mocións por urxencia.

A señora alcaldesa confirma que as mocións que foron á comisión informativa e foron ditaminadas desfavorablemente si se poden volver a presentar por urxencia e pídelle ao concelleiro que xustifique a urxencia de cada unha das mocións.

- **Moción presentada por Muros Centrado sobre a modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo publico de adquisición do uso do novo cemiterio da Atalaia (Exp. núm.: 2023/X998/000032)**



O Sr. Lago xustifica a urxencia da moción relativa aos prezos do cemiterio da Atalaia para poder axudar á Igrexa a que arranxe o cemiterio e a capela de San Pedro.

A Sra. Monteagudo insiste en que as mocións están informadas polas comisións informativas e que teñen que ir ao pleno como mocións ordinarias.

A señora alcaldesa di que non cre que sexa urxente, é urxente actuar no cemiterio, pero non a modificación da ordenanza.

A Sra. González di que tamén consideran que non é urxente, e o que si é urxente é facer esa obra. O cemiterio non é do Concello, e do traslado tense que facer cargo quen faga a obra e sinala que a taxa non ten nada que ver co tema da moción.

O Sr. Lago afirma que se lle está negando un dereito fundamental que ten coma concelleiro, posto que as mocións obrigatoriamente teñen que ir a pleno e que ten motivos suficientes para acudir a onde ten que acudir.

A Sra. Monteagudo indica que hai que ter experiencia en vulneración dos dereitos fundamentais por non debater mocións no pleno que é o caso da portavoz do grupo socialista e insiste, a moción está ditaminada e haina que traer ao pleno.

A señora alcaldesa afirma que é certo que a costume crea unha norma de que o que ía ás comisións determinaba o que ía ou non ía ao pleno posto que a decisión da comisión non é vinculante e a orde do día e decisión da alcaldesa, e se o Sr. Lago presenta oito mocións para este pleno, está alterando o funcionamento correcto xa que se todos os grupos presentan tantas mocións coma el, non darían rematado unha sesión. Sinala tamén que o Sr. Lago non asistiu e ese era tamén un dereito coma concelleiros do que non fixo uso, e sen el estar, si se debateron, e ademais, incluíu na sesión do pleno a do cine París na que a votación xeraba dúbidas. Si é obrigatorio traelas a pleno, pero nos sucesivos plenos, e se obtén os votos favorables para a urxencia debateranse neste, e senón incluíranse nos sucesivos plenos sen ningún problema e sen vulnerar os seus dereitos fundamentais coma concelleiro. Sinala que a viabilidade da sesión plenaria vese comprometido por la cantidade de mocións que presenta o Sr. Lago.

A Sra. González di que non ve o motivo de urxencia.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo mixto Muros Centrado (1), coas abstencións do grupo municipal popular (5) e cos votos en contra do grupo municipal do BNG (4) e do grupo municipal socialista (3) queda rexeitada a urxencia.

- **Moción presentada por Muros Centrado sobre a modificación da ordenanza fiscal IBI (Exp. núm.: 2023/X998/000032)**

O Sr. Lago sinala que a urxencia da moción vén motivada para que entre en vigor no ano 2024, di que hai que tramitalas cun mínimo de tres meses.

A Sra. Monteagudo reitera que as mocións ditaminadas deben vir ao pleno cando o decida a alcaldesa.

A señora alcaldesa di que presentou dúas mocións sobre a contribución e pregunta a cal delas se refire.

O Sr. Lago di que é sobre a rebaixa do 0,5 ao 0,4 da taxa.

A señora alcaldesa sinala que como dixeron na comisión informativa a rebaixa nas taxas non se fai desta forma, polo que considera que a urxencia non queda argumentada, porque o proceso vai máis alá de dous meses.

A Sra. González di que a moción non cumpre cos requisitos mínimos xa que unha medida de carácter económico que repercute directamente no concello o primeiro que tería que solicitar sería as consecuencias económicas.



O Sr. Lago di que lle ten unha pregunta ao secretario accidental con respecto a que non cumpriu os requisitos segundo o establecido no artigo 133 da Lei de procedemento administrativo e que cre que ningunha ordenanza aprobada no concello cumpriu ese requisito.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo mixto Muros Centrado (1), coas abstencións do grupo municipal popular (5) e cos votos en contra do grupo municipal do BNG (4) e do grupo municipal socialista (3) queda rexeitada a urxencia.

- **Moción presentada por Muros Centrado sobre a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de lixo (Exp. núm.: 2023/X998/000032)**

O Sr. Lago di que a urxencia é porque en tres meses se pode aprobar unha ordenanza sen necesidade do que di o señor secretario de aplicar o artigo 133 e pide que se dea información á veciñanza sobre unha bonificación que hai.

A Sra. Monteagudo reitera a mesma argumentación que na anterior.

A señora alcaldesa remítese ao punto anterior e que a forma de modificar as ordenanzas non é este, e di que é unha bonificación das que se están beneficiando moitas persoas.

A Sra. González afirma que non lle parece urxente e que a xente e Muros xa se está a beneficiar desta bonificación.

O Sr. Lago sinala que el non ten competencia para pedir informes e sería a señora alcaldesa quen debería tramitar esta ordenanza e que o artigo 133 non é aplicable á modificación de ordenanzas.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo mixto Muros Centrado (1), coas abstencións do grupo municipal popular (5) e cos votos en contra do grupo municipal do BNG (4) e do grupo municipal socialista (3) queda rexeitada a urxencia.

- **Moción presentada por Muros Centrado sobre convenio de colaboración coa escola deportiva de muros Os Miúdos (Exp. núm.: 2023/X998/000032)**

O Sr. Lago di que a urxencia vén motivada pola necesidade de que asinar un convenio coa escola deportiva igual ca co club de remo de Muros. E indica que ten preparadas 200 mocións e 1000 preguntas para vir a pleno neste ano.

A Sra. Monteagudo remítese ás intervencións anteriores.

A señora alcaldesa di que o convenio asinado co club de remo é totalmente diferente ao asinado co resto dos clubs e di que hai intención de colaborar cos Miúdos e con todos os clubs e sinala que comparar uns con outros daría lugar a liortas que non teñen razón de ser. O convenio asinado co club é consecuencia dunhas probas autonómicas e tamén saben que esta moción non foi consensuado coa escola deportiva polo que non a consideran urxente.

O Sr. Torea di que a finalidade de cada club non é a mesma e que si debe haber un convenio coa escola, e así mesmo, cos demais clubs do concello, e non considera que sexa urxente pois non o ve igual.

O Sr. Lago sinala que cre que se explicou perfectamente e que lle dan voltas ao que el di.

A señora alcaldesa indica que se remiten ao que dicía na moción nos mesmo termos que o club de remo...

O Sr. Torea di que o tratamento non pode ser o mesmo.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo mixto Muros Centrado (1), coas abstencións do grupo municipal popular (5) e cos votos en contra do grupo municipal do BNG (4) e do grupo municipal socialista (3) queda rexeitada a urxencia.



- **Moción presentada por Muros Centrado sobre a modificación da bonificación do IBI (Exp. núm.: 2023/X998/000032)**

O Sr. Lago xustifica a urxencia con que nun prazo de tres meses se pode aprobar unha ordenanza.

A Sra. Monteagudo remítese ao anterior.

A señora alcaldesa di que tamén se remiten ao anterior e non a consideran urxente.

A Sra. González sinala que nin é urxente nin é viable, posto que pide que o conxunto histórico deixe de pagar o IBI.

O Sr. Lago indica que o artigo 133 só se aplica a leis e regulamentos e quere que lle digan ata onde se pode presentar as mocións.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo mixto Muros Centrado (1), coas abstencións do grupo municipal popular (5) e cos votos en contra do grupo municipal do BNG (4) e do grupo municipal socialista (3) queda rexeitada a urxencia.

- **Moción sobre a elaboración dun proxecto de ordenanza que regule o prezo público pola utilización privativa ou aproveitamento especial de espazos reservados nas vías públicas para aparcamento ou para entrada de automóviles en inmobles**

A señora alcaldesa sinala que a proposta non está ditaminada pola comisión informativa.

O Sr. Lago di que intentou consultar a ordenanza de vaos e non a encontrou e indica que se non existe o concello está a cobrar sen amparo de norma e se non existe hai que aprobar unha ordenanza.

A Sra. Monteagudo entenden que a urxencia vén motivada pola non contestación do concello e di que están en prazo de contestarlle.

A señora alcaldesa di que é certo que presentou escritos e que é certo que inda non atoparon a ordenanza e que este ano non se cobraron os vaos e que o grupo de goberno está a traballar na ordenanza polo que non consideran que sexa urxente.

A Sra. González di que están traballando nela e que non ten sentido a urxencia e que debería retirala porque se está a facer.

O Sr. Lago di que chegou el antes a este problema.

A señora alcaldesa indica que si é certo e que llo agradece pero que é o equipo de goberno o que lle toca traballar neste tema.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo mixto Muros Centrado (1), coas abstencións do grupo municipal popular (5) e cos votos en contra do grupo municipal do BNG (4) e do grupo municipal socialista (3) queda rexeitada a urxencia.

E. PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

OITAVO. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 546/2023 do 8 de xuño de 2023 ata o núm. 805/2023 do 31 agosto de 2023, e das XGL núm. 15 de 10 de agosto de 2023 e da núm. 16 do 31 de agosto de 2023 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

NOVENO. Rogos e preguntas

Preguntas presentadas no rexistro para este pleno por Muros Centrado:



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A señora alcaldesa di que primeiro vai contestar ás preguntas que presentou o Sr. Lago por escrito:

Di que pide que a señora alcaldesa lle explique en que articulado da lexislación que regula o réxime local se ampara para aplicar ao funcionamento das comisións informativas o mesmo tratamento que para os debates plenarios regula o artigo 91 e seguintes do ROF, visto que as comisións informativas son órganos de estudo, informe ou consulta dos asuntos que van ser levados a Pleno; e a señora alcaldesa di que se remite ao artigo 182 e 123 e seguintes da lei que nomea.

Pregunta por que non se contestou ao seu recurso de reposición, presentado o 13 de agosto 2023, no que formulaba alegacións ao Decreto da Alcaldía no 669/2023, polo que se lle negou o seu dereito ao acceso a información municipal; e a señora alcaldesa di que a relaciona coa pregunta número seis das presentadas, que fala do decreto de Alcaldía núm. 669/2023 e do escrito que chegou da Valedora do Pobo e que se lle deu contestación.

Pregunta a canto ascende a débeda que ten a empresa Espina e Delfín, concesionaria do servizo de augas, co Concello de Muros e di que non require as cantidades deste exercicio.

Pregunta que número de contribuíntes dende o ano 2015 teñen aboado ao concello de Muros, a taxa a que fai referencia a ordenanza de aplicación sobre "restos cadavéricos", trasladados dende outros cemiterios ao cemiterio municipal da Atalaia.

Pregunta cantos contribuíntes (dende o ano 2015) do padrón correspondente ao Ordenanza do lixo se acolleron ao disposto artigo 5.1 da vixente Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de lixo, do Concello de Muros, que regula a bonificación a que teñen dereito os contribuíntes que estean comprendidos nas causas ás que fai referencia o artigo.

A señora alcaldesa afirma que, con respecto a estas tres preguntas, o Sr. Lago presentounas pola tarde e no concello recíbense ao día seguinte pois non traballa ningunha persoa pola tarde, e os datos que pide son moi extensos polo que se lle dará contestación no seguinte pleno.

Pregunta se se recibiu no concello requirimento da Valedora do Pobo, para que o Concello de Muros lle facilite información sobre os problemas que motivaron a súa queixa ante ela; queixa presentada o 2 de agosto do presente 2023; a señora alcaldesa di que xa foi contestada.

Pregunta se se recibiu no Concello o requirimento da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, en referencia a un escrito remitido por el solicitando a aplicación do artigo 217 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. De ser así, pregunta en que data se recibiu e cando foi contestado; a señora alcaldesa sinala que non teñen constancia de ningún escrito.

Pregunta por que se está incumprindo o disposto no 203.1, da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; a señora alcaldesa sinala que descoñecen se se está incumprir e se se refire a algún caso concreto que llo faga saber.

Pregunta por que non se contestou ao recurso de reposición presentado polo concelleiro o 30 de agosto de 2023, no que formulaba alegacións ao acto administrativo de "Dación de conta da constitución dos grupos políticos municipais e designación de voceiros"; a señora alcaldesa di que están dentro do prazo.

Pregunta se se recibiu en que data cesa como secretaria interina do concello, a secretaria nomeada pola Dirección Xeral de Administración Local, Da. Mónica Freire Dosil; a señora alcaldesa responde que é interina e que polo tanto non hai data de cese e que se remitirá aos prazos legais.

Rogos e preguntas para este pleno do Partido Popular:

A Sra. Monteagudo rogan que se devolva a cota cobrada ás persoas usuarias da piscina no mes de setembro.

O Sr. Torea responde ao rogo que en canto abra a piscina compensaráselle ese cobro e cobraráselle medio mes.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A Sra. Monteagudo roga que doten ao servizo de Intervención dunha praza de auxiliar administrativo, que incrementen as desratizacións na rúa Real, na Pescadería Vella e na praza do Mercado, etc, porque hai unha presenza importante de ratas e non saben a que é debido.

A Sra. Monteagudo pregunta se xa se aprobou o proxecto para o Acoradoiro; a señora alcaldesa responde que inda non se fixo a aprobación definitiva e que hai pendentes xuntanzas.

A Sra. Monteagudo pregunta se fixeron algunha xestión con respecto á capela de San Pedro; a señora alcaldesa di que entrou unha nova proposta do Arcebispado e que a teñen que estudar.

A Sra. Monteagudo pregunta se fixeron algunha xestión sobre o anexo á capela da Virxe do Camiño; a señora alcaldesa sinala que non.

Rogos e preguntas para este pleno de Muros Centrado:

O Sr. Lago pregunta se é unha antena o colocado preto do Eroski e se cumpre coas medidas de seguridade. Di que é un rogo.

O Sr. Lago roga que nas escaleiras do Viñal, cando se poida, se habilite uns pasos máis pequenos para as persoas maiores.

O Sr. Lago roga que se limpe os canellóns da casa da cultura.

O Sr. Lago roga que corten as acacias que hai no parque infantil de Muros.

O Sr. Lago roga que se limpe o camiño de Portals.

O Sr. Lago roga que no Artón non se interrompa a recollida de lixo polos coches mal aparcado.

O Sr. Lago roga que se interese pola frecuencia de autobuses de liña de Monbus á Coruña.

O Sr. Lago roga que o camiión de Gadis non ocupe a beirarrúa.

O Sr. Lago roga que na Porteliña un vehículo non impida o paso dunha persoa dependente, e a señora alcaldesa responde que se pintou de amarelo.

O Sr. Lago roga que os peóns poidan circular por debaixo dos soportais.

O Sr. Lago pregunta se a señora alcaldesa coñece o artigo 144 do plan especial do conxunto histórico de Muros, e se o coñece, pregunta por que a oficina de urbanismo non o aplica ou o aplica de forma temeraria.

O Sr. Lago pregunta sobre un decreto onde se nomea ao Sr. José Manuel Mayo Priegue como secretario accidental e que quere saber como se estaba de baixa actuou como secretaria no pleno do 31 de xullo de 2023; a señora alcaldesa responde que a baixa é de agosto, non de xullo.

O Sr. Lago di que cre na súa palabra e que retira a pregunta.

E sen máis asuntos que tratar, a señora alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e tres horas e vinte minutos, e de todo o que eu como secretario accidental dou fe.

A secretaria

Documento asinado electronicamente.